

**As coplas que se cantaban nas ruadas  
de Loureiro de Cotobade  
Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán  
[orixinais mecanoescritos]**

Discurso lido o día 8 de maio  
de 1956 no acto da súa recepción,  
polo ilustrísimo señor don  
**Antonio Fraguas Fraguas**  
e resposta do excelentísimo señor don  
**Ramón Otero Pedrayo**



REAL ACADEMIA GALEGA







**As coplas que se cantaban nas ruadas  
de Loureiro de Cotobade**  
**Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán**  
**[orixinais mecanoescritos]**

O solemne acto académico  
no que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume celebrouse  
o 8 de maio de 1956  
no Salón de Actos da  
Real Academia Galega.

**Edita**  
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2019

**Deseño da colección**  
Grupo Revisión Deseño

<https://doi.org/10.32766/rag.343>

**As coplas que se cantaban nas ruadas  
de Loureiro de Cotobade**  
**Roseiras e paxariños nas cantigas dun serán**  
**[orixinais mecanoescritos]**



**REAL ACADEMIA GALEGA**

A Coruña 2019



Discurso do ilustríssimo señor don  
**Antonio Fraguas Fraguas**





Senhores Académicos:

Quero en primeiro lugar agradecer profundamente o inmerecido honor que se me fixo nomeándome pra vir ocupar un posto que non merezo. Fago esta sinceira afirmación con profundo dolor pois ben quixera traer eiquí, neste intre solemne, de viva emoción, unha obra cumplida, guía segura de activas manifestacionis culturales. Non teño no meu haber mais que boa voluntá, é, falto de outros méritos, pídolle que perdonen a quenes me nomearon e teñan pra mí unha indulxencia total.

Confeso que sinto neste momento un medo tremendo, estremecente, medo que surdeu no seu dia e que vai aumentando a medida que, sin querer, hay que facer unha comparación. Vefio a ocupar un lugar que quedou valeiro o día sete de xaneiro de mil nevecentos cincuenta cando alé lonxe, en Bós Aires, morreu Alfonso Rodríguez Castelao, o amigo Daniel, o médico que por non poder barrer a morte do leito dos enfermos non quixo exercer a meicía. Quizais fora millor deixar vacante o seu posto deica que outro artista como él ou Rosalía, as duas representaciós de Galicia mais sinceiras e acabadas, vifiera ocupar esta cadeira. Non debera ser eu o destinado que son home de poucas letras e a quem o arte lle foxe como foxe o vento que canta nas ripas dunha cancela. Vefio pro sitio dunhome cuio nome leva unha proyección universal de sinceira grandeza e popularidade. Pasará o tempo, moito tempo, e na casifa más apartada non se esquecerán as "Cousas da vida por Castelao", e pros artistas e pra ~~xxxxxx~~ todoslos espritos de fina sensibilidade, Castelao será sempre a luz acesa nos infín-dos horizontes. O seu nome vai no encanto das paisaxes da terra e das preocupacións humáns. Cerne de vellas carballeiras, arume de flores nas leiras do val e da montaña, cante de paxariños, estrondo das olas na costa e latejar das escumas brancas da praia, vento que canta nos piñeiros: toda a esencia de Galicia, eso é Castelao. Outo esprito de maxistral artista sin límite de bondade, escribe ou fala, pinta ou dibuxa, conversa ou pensa, sempre esgrevio esprito en requintada esencia vivindo e revivindo a vida da nosa terra.

Xenio superior, outo e lanzal, guiado coa mais pura sinxeleza, sinteu os pesares cedo e sinteinos sempre. Toda a sua vida levou na alma a dolor de ferintes espíñas. Pra apagar a sua tristeza cubreuna a cotío coas mellores campas da realidade ou da fantasía e revisteu a obra coas galas do humorismo confirmándose unha vez mais a sentencia de Mark Twain: "debaixo do humorismo hai sempre unha grande doer". Foi Castelao humorista por excelencia, humorista que fai rír ou fai sorrir, pro sempre fai pensar.

Naceu en Rianxo o día 30 de xaneiro de 1886. De neno emigrou a Arxentina, volveu pra Galicia e fixose médico, é, mais tarde, ingresou no Corpo de Estadística. Foi nomeado Académico Numerario no ano 1926; o mesmo ano que publica o primeiro libro de "Cousas". Tífa xa realizada unha obra brillante que vai dende os dibuxos de "Vida Gallega" é do xornal "El barbero municipal" de Rianxo onde se afeitaba ós caiques con xeitosa pluma e aguzado lápiz, deica os interesantes artigos: "Do meu diario", froito das observacións recollidas no seu viaxe por Francia, Países Baixos e Alemania, onde se xuzga con verdadeira pasión de artista escolas e individuos nun dos momentos mais interestantes nos camiños do arte. Publicáronse no boletín "Nós" do que él era director artístico. Non podemos facer agora ensayo bibliográfico e reconto de obras, preferimos expresar a emoción de nomes que son amigos que levamos no peito. Lembremos: "Un olllo de vidro" ou "Memorias d'un esquelete", fino humorismo de censura pros xuzgadores sin senso do seu xuicio, como a vaca que non distingüía no autor mais que un home con gafas; a historia de "Os dous de sempre", simpática vida de Pedro ~~xxxxxx~~ e Raúlolas, novela adicada ós mozos galegos, feita pra derramar o tempo que lle sobraba; "As cruces de pedra na Bretaña", granioso conxunto dos moimentos semellantes os nosos; "Cincuenta homes por dez reás", feixe de figuras que nos divirten coa prestancia da sua fanfarria; "Retrincos", un ledo estremecer da sua mocedad; "As cruces de pedra na Galicia", o seu testamento, ~~xxxxxxxxxx~~ chamoulle don Xesús Carro, o libro que fixo con tanto agarimo acarriñando un a un os cruceiros de todolos camiños, onde se xuntan pasenamente a Visión e a Santa Compañía e fan saudosa parada as procesións e os enterros. Con cariño especial fixo "Pimpinela" e "Os vellos non deben

- namorarse", paso seguro dun novo teatro que a morte deixou sin rematar. Prosa por nós moi estimadas son "Verbas de chumbo" serie de artigos feitos en Extremadura e publicados en "A Nosa Terra" a sua revista predilecta, e "Sempre en Galicia", a millor, mais noble e mais sinceira interpretación da terra.

Os dibuxos de Castelao ilustraron periódicos e revistas. Do seu lápiz saíron agudas caricaturas a cuio tema adicou conferencias e treballos; a teoría das líneas aplicadas ós caracteres dos homes era sorprendente. O album "Nós" mereceu que nos xuicios críticos dixeran dál que non se había feito nada igual dende Goia. Mais tarde dibuxou: "Galicia mártir", "Atila en Galicia" e "Milicianos". Dos camiños do mundo, dende Nueva York a Bós Aires quedou unha obra brillante na que resalta a afertunada interpretación dos negros. Motivo muy ~~xxx~~  
~~xxxxx~~ ben cuidado no seu arte foron os cegos ós que tratou de xeito tan garimoso i-espiritual que non estrana cando algunha vez lle chamou: Meus Compañeiros.

Da sua pintura, gabada por todolos críticos, quedan lenzos sorprendentes; son boa mostra os cuadros que se conservan na casa de suas irmáns, os do Museo de Mondariz, un do Museo de Arte Moderno, varios en casas particulares e outros no Museo de Pontevedra a cuio Patronato pertenecet. En toda esta obra vive ledamente, con valor sentimental, ese arte maravilloso das formas da vida e das pasións. Gañou na mais lixeira concepción artística o releve e o color preciando con valor incomparable, nunha recreación saudosa, as diferencias de matiz nas sombras dos piñeiros e dos carballos, dos videoiros e dos soutos de castiñeiro, como soupo diferenciar con trazo maxistral a carroña dos homes e a sinxeleza dos rapaces: o encanto dos nenos inda que foran rillotes.

Prendado da luz, das sombras e das almas, namorado das formas de vida e do paisaxe, vida filial da terra, cautivarono sempre as melodías escoitadas nos peirao, na taberna da ribeira, nos traballos das leiras e nas troulas dos camiños, e pra que se coidase o canto, o bó canto, e non se cubra de tristura a terra foi dos fundadores da Polifónica de Pontevedra pra que fixo os decorados teatrales. Outras obras de teatro tiveron por fondo a realización escenográfica de Castelao.

Castelao, a vida que viveu sempre pra Galicia, leva enraizados nomes de singular valor: Rianxo, a casinha de seus pais, aquela ilesia, o adro, a ría e os mariñeiro, Peito de Lobo e Sabela a bailadora das festas; Santiago, prodixio de pedras, misteriosa luz nas torres e nas ruas, procesións e troula estudiantil; Pontevedra, reposo espiritual, profunda creación artística; logo outros nomes, moitos nomes, os de todolos casales, aldeas e vilas de Galicia, luceiros relucientes de fertuna, feitizos de gloria namorados. Caminhos do mar, lonxanas cumes bravias onde ~~mezzen~~ moi a neve esperanza e desesperos; tamén os eidos d'Europa, despóis outra volta o mar, ir e vir nun soio pensamento: a Terra, repousada verba, anceio firme de bó mariñeiro.

\* \* \*

Agora coa indulxencia dos ~~proximais~~ ouvintes e o medo correspondiente pretendemos facer un comentario dentro da maior sinxeleza, dunhas cantas coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotoade, na provincia de Pontevedra, onde temos recollido un importante cancionero.

Como en toda Galicia a raiz sentimental guía con romántico sentido a mais importante canción da vida: o amor, e na sua intención podemos decir que se gastan os discursos da mocedá, feitos parranda unha vez e outra copla ou sentencia buscada e recollida na luz acesa das estrelas, no canto do gallo e no profundo zoar das cachopeiras. Pra non fatigar moito a atención dos presentes limitámonos a unha pequena sección do saber popular dunha aldea e titulamos o noso pasatempo: "Roseiras e paxariños nas cantigas dún serán".

Non se tratará dun xardín de pazo con riscos de mirteiro e de tomilho. Non chega a este plantío de serán a camelia blanca ou roxa, a fantasiosa ~~maucaria~~ ou a palma de abanicos. O xardín deste mundo de festa, o noso xardín florido, ten rosas de todolos colores, téñ romeu e tormentelo, e cantan nel os melros que fan seus niños no sacerdote terrón do camposanto, nas polas altas das oliveiras, reiseñores, os galos do amafiecer e outros moitos paxariños de morre ~~rechouchío~~ motivo de belidas comparanzas que fan gabanza ou desdén ~~án~~ o redor

da xente que anda na festa.

A festa na aldea ten sempre algo de misterio. Hay que aguantar a noite, fuxir das ~~xxxxxxxxxx~~ encrucilladas e camiñar as escuras polos fondos camiños e carreiros que a ilusión fai longos e tristes ou curtos e ledos. Agora xa é historia todo canto se diga do serán de Loureiro, pero historia de xeneracións desaparecidas; poucos lembran a pandereta lo candil o fachico e o farol, a parranda e as coplas que deprendían as rapazas sentadas no escamíl da cocíña pra facer as festas do inverno.

Tería mais valor o noso comentario se poideramos chegarnos a un lugar da parroquia: ó Piornal. Está nunha ladeira moi pendiente, entre a Costa e Chandovido. Non hai mais que duas casas; a de Dameiro e ~~ix~~ a do serán. Pra ir na nosa compañía escollemos unha noite de domingo, xa preto do antroido. Noite fresca de lua tardeira. O río moi cheo, oíse desde lonxe, teremos que pasar a sua veira porque bajamos pol-o camiño do Cacharredo pra ir dar ó Frade. O Cacharredo é un camiño carreteiro con grandes laxas onde afondaron simétricas rodeiras os carros dos veciños. Non hai un illón en toda a Costa, un carballo hedrudo é a millor pantasma das sombras na revolta do fondo da calzada. O rigueiro do Portalvaral vai agora a nosa veira. Passámos-o por un pontillón e deixamos que se xunte ó río no pozo de Cernade. Apuramos un pouquín pra sair logo da humedad dos fondos; ó chegar ás primeiras casas do Frade oímos cantar unha copla, son mozos de fora que vén ó serán esta noite. Canta un lixeiro alalá un mozo con voz de tenor finiño

Algun día era eu  
do teu xardín maravilla  
conocemos o seu sonsoneo de barroquismos improvisados, é Landeiro de Famelga, mozo de rebulideiro mirar sosegado nas falas e gran xogador de brisca e de chave; co seu cantar deixa prendadas as mozas que agora escotian:

Agora que vou pra vella  
son a flor aborrecida  
vai fuxindo cosas como si marchara pra moi lonxe e cada vez oíse  
mais finiño e longo,  
son a flor aborrecida.

A casa do serán está apartada da vecindá, tén un curral aberto e un patín con escaleiras pol-a vanda da horta por onde se vai pra sala da festa. Atravesamos pol-o portelo aberto de propio intento porque os rapaces en vinganza dos desprecios das mozas fan algunhas falcatruadas no subidoiro. A porta vella e despintada ten ferrollo de lengüeta e longas regandixas pol-o medio. A sala e ben grande. Nunha lacena gárdanse os panos das mozas, no fondo da sala a porta que da o pasadizo. Colgada na parede da dreita antre duas ventanas alumbrá a estancia unha luz de carburo.

As mozas están sentadas ó redor pol-a veira das paredes pra deixar sitio pro baile, gravitación popular en torno á danza. Duas tocan as panderetas e van botando coplas garimosas de saudo pros que chegan

Ben venido, ben venido,  
ben venido de chegada  
esa vosa benvenida  
é rache ben deseada

non poden ter millor recebimento quenes pasaron agora a porta do serán.

A noite e pequena pra escoitar todal-as coplas e romances que saben as mozas e mozos, e as van cantando con relación a parrafeos, xuramentos e promesas, <sup>ou</sup> pra celebrar as boas novas do mocío que veu do servicio e inda trai o pantalón d'uniforme. Escoitemos as que fan alusión ás rosas e flores que irán cantando as mozas de todol-os lugares e algunha vez os mozos en diálogo sinceiro e amistoso

De Loureiro a Rebordelo  
todo é camiño chán,  
todas son rosas e flores  
postas pol-a miña mán.

Pódese decir, e sempre será verdade, que no serán o canto vai seguindo unha historia de galáns, os galáns do parrafeo, dialéctica aguda con suxerencias de finos decires sin gran contido de fondo, pero tan aduviado na forma que gustaba inda que fose ben notoria a sua afectación. Tamén viñan os mozos namorar i-estimaban as cantoras, cando cadraba na vez, a presencia dos mozos de outras parroquias para quenes non faltaban as douradas coplas que tecían roseiras antre os toxos pra facer gabanza non dos camiños senón de cantos os paseaban na ronda

Os mozos solteiros  
que os pasean denoite.

O canto ben se comprende que é un garimoso saudo os mozos de Rebordelo que esta noite están na festa.

O lugar de Vilalén  
de lonxe parece vila,  
ten un caravel na entrada  
e unha rosa na salida.

Non sempre é a parroquia allea, tamén hai que botar a copla ó lugar humilde de menos mocedad no serán aquela noite, e hai que facer agasallo os vecíos louvando, pretensiosa louvanza, un mozo e unha moza quizais símbolo de toda a xuventú do lugar agora esparexida polo mundo. O donaire da copla recolle o fermoso dito pra nenos:

Meu caravel, míña prenda.

Un sentido altamente emotivo trata de expresar a pasión que siente un mozo pol-a sua compañeira. Non pode decirile d'outra maneira o que sintese non chamándolle rosa, rosa de fermoso porte que a sua veira ~~xxxxxx~~ acada suspiros da vida cautiva

Corre a auga do meu peito  
por un cano de marfín  
para regar esta rosa  
que teñio o lado de mñ.

Festas campesinas foron tamén as muiñadas. No muiño había que pasar varias noites, pra ben ser unha semana

Unha semanía enteira  
esa sí que é muiñada.

Cando o mozo convida a mocía pra ir na sua compañía o muiño fai gala do tempo de moer e da bonitura da ~~xxxxxx~~ cara, é unha cariña de rosa por eso cantan

Vamos o muiño vamos,  
míña cariña de rosa,  
vamos o muiño vamos  
que esta semanía é nosa.

Precisanse diálogos de falsas conquistas no galanteo das chamadas

O patrón chamoume rosa,  
rosa do xardín frorido,  
-son rosa mais non son sua,  
son rosa do meu marido.

Foi un repique ~~xxxxxxxx~~ desleigado un saudo malino saído da banda da eira ou do longo camiño dos eidos. Outra vez oiremos cantar

O cura chamoume rosa  
eu tamén lle respondín  
d'estas rosas señor cura  
non as tén o seu xardín.

Inda quedan marmuladores, xente ruín que gusta de facer mal á rapa-  
ceada namorisquira. Falar, falar por non estar calado, tratar de  
descubrir defectos e o <sup>con</sup>párecer resultados opostos as pretensións.

Foches falar mal de mí  
axunto dos meus amores,  
fai de conta que botaches  
auga por riba de flores.

O amor prende en calquer lugar, eiquí escoitamos ~~o lamento~~ de quen  
se namorou no toxo.

Namoreime no espiño  
o vento levoume a flor,  
malia de quen namora  
couzas que do vento son.

Sería ben afertunada a moza que namorara o vento e o levara no do-  
naire das faldas almidonadas, pero o vento non se namora é deidade  
cósmica de pasamentos da natureza nos outonos, caída de follas chama-  
das polos camiños e música con asubío nas carballas milenarias.

Dín que che pican as máns  
para mí son amoroosas  
tamén pican os rosales  
e díeles salen as rosas.

Non é solo o color e o aurume das roseiras que leva ~~mais~~ a fertuna  
das comparanzas, tamén son as espiñas que fan sufrir a quenes tratan  
de levalas sin cautela.

Eu collín a flor da xesta  
que é a primeira que vén,  
desde que te víñ a tí  
non amei a mais ningúen.

Noriega estimou a xesta en flor e parouse a sua veira pra facer lem-  
branza da Pasión.

Fálame do que ben quero |  
o pé d'esta xesta en flor.

Tamén é de xesta o ramo que se pón na leira de millo pra señalar o  
trunfo do traballo, o remate da sementeira. Pode collerse igualmente  
pra adorno do ramo da boda que vai espetado nunha botella. Na copla  
madrugou a flor e madrugou quen a colleu.

Vamos eu e tí meniña,  
vamos eu e tí é eu,  
vamos eu e tí meniña  
apaífar flor do romeu.

Antre as plantas de mais estima que florecen na horta figura o romeu, porque

O romeu e rey das herbas

ten poder medicinal, casi misterioso poder, en cocimentos de vificio con azucré ou con mel, lévase no ramo a eirexa o domingo de Ramos entre oliva, mirta, acibo, loureiro real e pau de San Gregorio. Apañar a sua flor é leda ocupación e quizais tefía certo prendimento amoroso. Por es@ pretendido conxuro quere ir o mozo apañar a sua flor, unha mañán de leiras orballadas. E como facendo un circo o seu redor pouserase en tres lugares.

Nena dos cabelos loiros

?qué lle votas o teu pelo?

Auga da flor da montaña

que lle chaman tormentelo.

Hai plantas de poderes extraordinarios, tornan o mal de ollo, escorreran as meigas, tran sorte pras ventas e hasta hai algunha que tén virtude pra facer relucir os loiros cabelos das raparigas, según pode informarnos a copla que xa dixemos. Agora coidemos os carabeles

O carabel cando nace  
abre pol-as catro esquinas,  
o amor cando pretende  
non conta senón mentiras.

E un mirar cuidadoso, un regalo da mañán, salpicar a auga no quinteiño do resío e reparar nas flores que nacen nas plantas mais mimosas. Son os carabeles roxos, como paixón de corazóns feridos na dúbida asustada dos amores, os que colleron primeiro a luz do sol. O trunfo do color brillante é unha matización de fondas promesas. Relevés desdibuxados, grandes e pequenos, son contas que non poden ter axuste, mañán xa se dirá, hoxe o amor empeza.

O carabel cando nace  
de pequeníño recende,  
non hai cousa mais humilde  
que o amor cando pretende.

Quizais tén de ser grandes as mentiras para que poidan erguerse en arelas de promesas e luxosas maxestades da vida no fío da ilusión.

O amor esperta e non agarda vieiros, quere ser correspondido e pra conseguir esa felicidade agranda feitos e prega con humildade.

Hai que aconsellar e aconsellar ben. Consellos non custan cartos. Para dal-os con certa delicadeza buscamos ~~xxxxxxxxxx~~ a semellanza

do carabel inda botón en flor.

Carabel que estás na horta  
déixate estar no botón,  
meniña terás coidado  
de non dares ocasión.

Outras duas cantigas que levan por tema o carabel na horta.

Tefío un carabel na horta  
con tres flores a bulir:  
xa me tiveches na mán  
e deixachesme fuxir.

E un remate triste. O carabel sirve de comparación no momento final  
do seu florea, cando non quedan mais que tres florifías a bulir.

Carabel da horta allea,  
carabel que me ~~sextos~~ pretendes  
pensaba de te mercar  
estou vendo que me vendes.

Inseguridade da xente, ninguén pode ter seguranza do mañán. Promesa  
e xuramentos foxen como lóstregos na noite de trebón.

Sementeí millo miudo,  
na ventana dun ferreiro,  
sementeí millo miudo,  
naceume un carabeleiro.

Sempre aparece o oficio de ferreiro con un particular desprecio, car-  
bón, ferro, moxicas, todo sirve pra aconsellar as mozas solteiras pra  
que non casen con eles. Hai no mundo quen canta desprecios pero tamén  
hai mocínas que cantan loubanzas, entre elas, a que transforma o miudo  
en carabeleira.

Mifía Virxen de Aguas Santas  
apaña ese carabel,  
que lle caeu da ventana  
cando pasou San Miguel.

O Padre Solla adicou o santuario da sua feligresía un pequeno estudo  
coa novena da santa pero non recolleu o cancionero. Boa mostra é a  
copla que cantaban as mozas como fina gabanza da patrona adicada ós  
mozos da parroquia que viñan a nosa festa.

Rosa que estás na roseira  
déixate estar gacheiríña,  
vou para terras de fora  
cando viñer serás mifía.

Non podía faltar a ausencia; marchar e a imperiosa orden que levan  
todolos mozos da aldea: marchar pro servicio, marchar a traballar  
polo oficio, marchar pra terras de fora, sempre a sentencia da par-

- 11

tida e a tristeza de despedirse. Loureiro produce nas xentes unha saudade especial. A separación pode causar a morte. Pra quienes se adican o estudo da saudade tomen como exemplo curioso a Florentina, rapaza que morreu d'amor, os 22 anos, a quien está adicado o segundo libro de "Cousas" de Castelao. E o fillo de Benito do Frede que morreu de scoidades en Pamplona cando foi servir ó Rei, feitos históricos ocurridos no século pasado. A tristura da partida quixera ter a promesa d'uns amores firmes, para esa hai que pedir como á rosa do rosal que permaneza escondida.

Agora escoitemos o canto dos paxariños. Vai primeiro a copla da rula coas suas comparanzas.

A rula que viudou  
xurou de non ser casada,  
nin pousar en ramo verde  
nin beber en auga clara.

Todo tén raiolantes dácires. Historias ben traídas e lerias de camiño, falar baixo diante dos cómarios afincados nos lameiros. Din que rondan a viuda e ninguén sabe quén é o rondador. Alguén fixo unha sinal agora mesmo cando pasou a porta do serán un mozo tristeiro con polainas e gorra de bisere; aseguraron que era o rondador e pol-o sí ou pol-o non saudaron-o con saudosa intención onde lucían os suspiros da viuda. A copla non tén laido triste, é firme promesa dos amores que vai zungando a terra.

Canta rula canta rula  
canta rula n'aquel souto,  
coitadizo do que espera  
pol-o que está na man d'outro.

Agora é o canto da rula que sale da fronda do souto. Inda que de gran monotonía non deixa de dar vida o paisaxe e o seu rou rou tén algo de aloumiño, e no acompañado donaire do vento fai sentir certo dolor pol-os que esperan o tesouro que outro garda.

A dama que anda no baile  
tén no mandil unha rula,  
o galán que anda coela  
válgame Dios que hermosura.

O mandil é casi unha peza de adorno, resalta o ~~xxxxx~~ seu color e canto aditamento lle poña o bó gusto de quien o leva. Sabemos de certos dibuxos de outras prendas de vestir que levan animales estampados.

A saia de Carolina  
tén un lagarto pintado.

Pero cando hai que gabar unha parexa será a rula o motivo que decora  
o mandil ben visible no garbo do baile.

Quén me dera ser a rula  
a rulifía do sertón  
para facer o meu níño  
dentro do teu corazón.

Diálogo de viva emoción. Ansia de mozo asisado que declara no cantar  
un desejo de remanso na sua vida casadeira. A expresión ten sabor bra-  
sileiro e será por eso inda millor acollida. A resposta non é por tanto  
de extrañar.

Non precisa ser a rula  
a rulifía do sertón  
o teu níño xa está feito  
dentro do meu corazón.

Tres coplas falan do cuco, paxarillo pillabán que ben cantar na prima-  
veira pra decir as mozas cantos anos tardarán en casarse. Claro está  
que hai que saber facer a pregunta. El responde sempre certo, mais  
se non se expuxo como é debido a resposta é desafortunada. Agora na  
pola noble do castiñeiro presentan as mocínas ó cuco pra gabar con  
un oficio o seu poseedor.

Eu ben vin estar o cuco  
na rama d-un castiñeiro,  
coa machada na mán  
deprendendo a carpinteiro.

Marcharon n-este intre un fato de mozos; xa non volven esta noite a  
nosa festa, van a outras parroquias cantando penas d'amor. O notar  
a sua falta levarán a despedida.

Canta cuco, canta cuco,  
na rabela do arado,  
os mozos que hai agora  
levan a fuga no rabo.

A terceira copla é unha variante.

Canta cuco canta cuco  
na rabela do arado,  
as mulleres antre os homes  
é un gando mal gardado.

Unha historia certa. María era a dona da casa do fondo do lugar. O seu  
fillo agatufiaba calquer albre por difícil que fose pero a especialidade  
do fillo de María eran as cereixas. Collías na punta das polas mais

- 13

longas sin gancho de ningunha clase, deitando<sup>s</sup> nas ramas como si fora unha lesmia. María fartouse de gabar o fillo e de decir que collía as cereixas como un paxaro; tantas veces o dixo que todol-o conocían pol-o paxaro pequeno. Por eso lle cantaban algunha que outra vez.

O teu paxaro María  
anda nas mifias cereixas,  
come paxaríño come  
veremol-as que me deixas.

Sólo unha vez atopamos referencia ós canarios, abonda pra mostrar o <sup>humor</sup> sínxelo amor dos mozos que a cantaron en resposta a outras que lle botaran as mozas.

( O canario e a muller  
non se poden deixar soles,  
o canario pol-o gato  
e a muller pol-os homes. )

Unha bandada de melros revoan nos cantares da noite. Escoitemos o seu decir.

O diaño do chirlo mirlo  
onde él foi facer o niño,  
a oliveira do adro  
no ramallo mais altiño.

Outo, inasequible mais sempre agardarán suspiros no pensamento amoroso. Lugar e arbre sagrado. Non é ramalleira isolada, acobillo de lagartos o sol e fantasía musical de folla seca, e ramo verde de oliveira es-tremecente e arredada no recanto da paz do adro.

( Sei d-un niño dunha melra  
outro dunha lavandeira,  
agora tefio tres niños  
co niño da costureira. )

A festa tén un profundo senso humorístico. Abundan, cando cantan os mozos, coplas alegres que fan rir cas comparanzas chocantes e ditos paifocos.

( Sei d'un niño dunha melra  
nun cañoto d-un repolo,  
deron as nenas con él  
levaron cañoto e todo. )

Xeito de risa na copla cantada pra seguir o tema dos niños da melra.

( Tefio un niño dunha melra  
no altiño dunha xesta,  
se me das co niño moza  
se me das co niño hai festa. )

Parece unha copla de desafío, pero un desafío de boa vecindá.

Teño un niño dunha melra  
alá no Portacibrán,  
cantos por alí pasean  
todos co niño me dán.

Non hai segredos d'amores. O corazón extende un romántico decir o  
seu redor. Ben quixera gardar algún mozo o seu querer no mais fondo  
dos segredos pero entoncés a ledicia non sería total.

Da banda d'álá do río  
asubfame unha melra,  
a melra como asubfa  
anda segando na herba.

Agora hai que facer alusión a algunha garbosa que fai os medios de  
que se descubra a sua presencia no prado. E a viaxeira que vai ó cair  
da tarde buscar unha cesta de herba vizosa, d'autono pra coidar o  
gando. Canta pasatempos nos compases da seitura.

A perdiz anda no monte  
i-o perdigón no balado,  
a perdiz anda decindo  
ben acá meu namorado.

Sólo unha vez canta a perdiz e canta pra chamar en garimoso consello  
os perdigóns esparexidos a sua veira.

De todolos paxariños un dos mais tristes é o moucho, anda  
sempre cantando notas de mala fortuna.

Eu ben víñ estar o moucho  
encima d'un gacio de uvas,  
vaité d'ahí morte negra  
desamparo das viudas.

E a voz do medo nas carballeiras, é a sombra misteriosa que trai un  
falar das tumbas, por eso vai no medio das suas notas certo desprecio  
de oficio.

Eu ben víñ estar o moucho  
encima d'un amieiro,  
coa subela na man  
aprendendo a zapateiro.

No pobre cantar de laídos sai a relucir o oficio de zapateiro que  
xuntamente co de xastre e costureira son motivo de cantigas burleiras  
que non ofenden a quien as oi.

Eu ben víñ estar o moucho  
enriba d'aquel penedo,  
non che teño medo, moucho,  
moucho, non che teño medo.

Tamén hai valentes que non tén medo a nada, son poucos pero levan

• 15

folgos briosos pra botar un desafío ^ triste pantasma pousado na cima do outeiro.

Moucho que estás no canizo  
tota castañas abaixo,  
anque non teño mandil  
acadochas no refaixo.

Quizais sea un chamar con mal nome a calquer falcatruán que non quere facer o que lle mandan e agora subeuse pro canizo a rillar nas castañas curadas.

~~REISEÑOR DE AVES~~

Hay xentes que viron tremundos reptiles quizais lagartos con crista que non magoan a ninguén, son xigantones de comparsa baixo penedos e toxerias; non poderán ser nunca os baseliscos da lenda.

Da banda d'alá do río  
hai un lagarto con crista,  
canta como un resiñol  
baila que Díos nos asista.

Foi ben adicada a copla a un mozo rebulideiro que saca puntos de grandes garabatos, tén lixeiro garbo e hasta usa de señorío.

O reisenor cando canta  
sua dama ten no niño,  
mira como é amoroso  
o amar do paxaricio.  
posse

De todal-as aves ningunha tan garbosa voz como reisenor. Canta pola noite nas abrigadas carballeiras, a sua música gozosa quizais sea pra él mismo o trunfo da melodía. O seu canto dulce de misteriosos dácires, é o canto real na primaveira da nosa terra.

Quen me dera ter a míñ  
a gargantiña d'un gallo,  
cantar como un reisenor,  
falar como un papagaio.

E un desejo expresado en moitas coplas ~~xp~~ a pasión do canto, as ansias de cantar ben sin enrouquecer en toda a noite

anque cante toda a noite  
non arreamos bandeira.

O desejo da cantora busca o reisenor por modelo que foxe como un ouro ideal a toda comparanza e trai un recordo ^ o papagaio quizais por ser ave de fora que debiu impresionar coas suas falas ás xentes campesiñas. Recordamos o Louro que tiña Hermida de Famelga que repetía preguntas e facía respuestas asisadas inda que á sua maneira, e mais famoso o de

don Perfecto Feixón de Pontevedra.

O paxaro cando chove  
mete o rabo na silveira,  
así fan as boas mozas  
cando non hai quen as queira.

No grupo de paxariños que non clasifica o cantar vai o feito de esconderse das choivadas, aredarse pro comareiro, buscando a protección das silvas, dos codesos e dos sanguíños que viven en común. Levan a pena de non poder acadar a vida nos eidos pero sempre lles queda a esperanza do mafán.

O paxaro na silveira  
anda moi adivertido,  
o amor cando pretende  
anda moi descolorido.

Outra vez o paxaro innominado ruxindo nas follas das silvas. Non sabemos se percorrerá a silveira buscando as amoras maduras ou si anda apreixando musgos pra facer o niño inda que sea nos primeiros meses do ano. Poida que sea un carricío cantor que xa no mes de xaneiro anda facendo casa nos cómaros abrigados. Ese afán de percura divirté os paxariños e tén pros homes unha cavilación tan grande que perden as fazulas o color como si a emoción de Amar levase por pasión profunda o sangre ó corazón sacandoa da cara dos amantes.

Xa comín e xa bebín  
regalei o meu peitiño,  
agora vou pra gaiola:  
ten pacencia, paxariño.

Na serie de paxariños que cantan na gaiola hainos que non precisan denominación especial. Vai no seu voar a conformidade co que son apartados das frondas da terra. Teñen amas que deles cuidan e co bon trato que lle dan perden a fina saída da mafán polos agros da vecindá. Comen, beben e dormen na gaiola.

Hai que despedirse do serán. Van botar a derradeira copla as mozas cantoras. Moitas xa cubriron os mantóns e os mozos capas e gabáns. Algunas preparan unha luz pra baixar hasta o camiño onde xa se ve porque vai subindo a lua e crarexa nos outeiros. Remátase co canto do galo que ven chamando pol-o día.

Cantan os galos o dia  
érguete, meu ben, e vaite.  
Como me hei d-ir, queridinha,  
como me hei d-ir e deixarte?

- 17

XODOCOLAS XELENDOXINAS

Rematouse o serán, colgaron as panderetas na vigae descolgaron a luza de carburo que con lixeiras apagadelas alumbrou a festa. Agora a viga caeu co tempo, o farol escorrentouno a luz da electricidá e as cantigas viven no arume das roseiras que florecen na nosa terra.

Temo de poñer eu remate o pasatempo e fareino con unha copla que leva o meu agradecemento a vosa atención. Poderá ser a copla mal cantada, defecto da miña voz, pero leva o mais profundo sentimento.

Viva, viva quen me axuda,  
viva quen me está axudando,  
vivan os señores todos  
que me están acompañando.

D I X E N



Resposta do excelentísimo señor don  
**Ramón Otero Pedrayo**





<sup>80</sup> Academia Galega <sup>80</sup>

1.

Ingreso de Don Antonio Fraguas  
y Fraguas.

discurso de resposta

Sr. Presidente; Sres. Académicos; Sras e Sres:

Quixera nas miñas palabras, que non han seren moitas  
pro ben inradas de verdade e de amor, mantér aquela er-  
gueita chama de leda confianza, de inmorrente espan-  
za, bri-la-dorra como os fachicos e as estrelas da fonda  
noite aldean galega, no decorrere do feiticeiro discurso  
que rematou, foi un intre, como a derradeira pinza de  
lus do solion. Da foliada da terra ó mesmo tempo er-  
gueita e gasalleira de Coto-bade, achegada por Vence.  
Ilos de char e de tradición ó cerne montesio da No-  
sa Terra, nai de rales ben logo de naceren envol-  
veitos na dorura da Beiramar, terra matava de bos  
canteiros e petrucios, de espitos fidalgos, de Xente  
letrada e labrega da millor da Galiza. Bon fillo de  
Cotobade Antonio Fraguas quixolos aprecere ista no-  
te a gala e honra do seu pais: reus cantos.

Pro non amuchatos nos papeletas do cruxito, e si vi-  
rentes, agronomados nos labros do pobo... Non ordeados en-  
renques e copelos sistemáticos, ríos e reguentos e esmo-  
teidos uns apios dos outros, asegur as horas de inha  
noite de festa e conforme o amor e a rexouba, o desa-  
ño e a saudade, o gosto da liorta e o aquecemento  
das lembranças os van inspirando. Devalau as canti-  
das na noite ríba das teixiras como as ondas na praia  
gas na noite ríba das teixiras como as ondas na praia  
Son meciñas e moros, petrucias e donas da sua casa,  
Són illotes, peleníños..... cada un co seu acento: de pon-  
tela nova, de aire doucel de abril nos ameneiros, de e-  
char de vellos tempos no bosque antigo, ou charretear  
ta garamata paisana nas lareiras. Gardan as voces  
sua personalidade no cantar, mais o tempo afim-  
dese na conciencia e secular armuniña. Vace Uga-  
liza cun cantigar e algun solpior somento es-  
por deus conecido ha ser seu canto de derro dei-

ra saudade... Un intre do canteiros galegos, da voce ani-  
mouosa da nora xente vera na Academia por a bonda-  
de e xentilera do novo companheiro. Saimos de ista se-  
zion mais ~~meiros~~<sup>meiros</sup> e confirmados na fontela sempre  
alboradeira do canto do pobo.

No discurso latexa toda a sensibilidade, o saber, a i-  
norme compaixencia no vivir e no alén, o espírito, o mesmo  
tempo criador e lembradivino, de Antonio Fraguas. Yo  
sexo e doncel, calcado e levian, galego dos "bos e xene-  
rosos" e por galego moderno e universal, namorado  
respiñoso das formas artísticas populares e mestre  
nos saberes que lle dan sona brillante na xuventude  
intelectual da Galiza. Son eles, por riba de outros, a  
Geografía e a Etnografía, mais ben logo, en canto  
sexto publicado seu libro sobre o Colexio composte-  
lan de Fouseca, ha ser trouxeras aplaudido como  
historiador.

Vinda contando os pulos do curaron, desexoso de  
lembrañ intres e memorias, teimarei, mi peque-  
ño cursus honorum do noso companheiro longa-  
mente aguardado. Pero ade - Fraguas na sua grande  
bondade mo dispensa desenrida - si non enteiro ben  
as obras e traballos de quen si Deus lle mantiver  
a saude e ánimos madurecerá seu espírito e suas ho-  
ras en novas e fartas regalias de collectas e frivitas  
pro ben da Nosa Terra e o mundo da cultura.

Chegou Antonio Fraguas ó límia grave e xubilo-  
so da aboules ceura en tempo novo e agradoso, can-  
do o Seminario de Estudos Galegos asuntaba bas-  
xo seu ramo protecido no sagro Xardín e na artica-  
ción de Rosalia a impacura creativa da millor  
moçidade galega. Etnógrafos, historiadores, naturalis-  
tas, poetas. Moitos, ceais os mais dos de agnela  
mestres e estudantes, tiveron xa seu pasamento  
diste mundo. Atíguenoslle un calado e fondo  
recordo. Eles devolveren ó seu casal verdadeiro as  
angas da xuventude e da espraua. Només co-  
unha o de don Salvador Cabral de León, derradei-  
ra e nobre promla de muiha xeneración románti-

3

ca, xuntaruse co de moxinos latexantes de espraua como o de Xurxo Tourrero Fernández, en cuio anxélico carácter a gravidade do saber científico inseríase na gracia e zume de un espírito de artista... Fráguas estudante compostelán concédeu o encargo da vella biblioteca e das áulas e cristiños, da rías e soportás, que foron e han seren canles do amor das ideas, da xentilera do espírito e as enxeituras formas e aselausas da cultura.... Na craxe de Cotarelo, nas de outros mestres, acasón de compañeirós ben logo sonabas moitos de eles, Fráguas douto.ouse nisa Facultade de Compostelanismo que lounxe de bolras e diplomas concéde a finura no xusgar, a simpatía e o amor das cousas belidas, o humorismo riscko. Diante da seriedade perante, o gusto perxistín... Pensade nun día de mercado compostelán: baixo o grave e leto medroso e devecto dos toques do Relox as rías e as áulas probadas de vixiantes estudoros, e no coto de Santa Susana, no agasallo baril da carballeira ilustre as cousas e as artes, os ditas e latexares da camaría: toda a Galiza...

Fráguas desde moxino usucou entramos ei dos vecinos como sendo da mesma herbanra. Algúnha vezán a xentilera tenacente do cristián de Fonscal inspirolle o ambizoso desexo de facer a historia do que foi Colesio de teólogos e fogar das millores xineas galegas no tempo xuvenil. Muito se ten escrito en gabaura do Colesio, moitas crónicas de líricas lembranzas se teñen botado ó bago de feitos que a ronda das xentís arcos e o eloquio requintado de Cadavallo Gravio ten non orelas.... Mais sóio asestora canle vai sair o libro de Fráguas pódese aledan na ou-

tra beira o espírito de Weira de Mosquera, o engola-<sup>4</sup>  
mento de Fernández Varela, o xénio melancólico de  
Pastor Saz... Obra suficiada en fondos alicences  
envidios o "Fouseca e seus colexiales" de António  
Frágas probába como a semente do método  
e fondo senso histórico do P. Sarmiento, do gran  
de doutor da historia santiagueira López Te-  
reiro, permanece en fondos antigos. Libro ó tem-  
po de historia, nobiliario o estílo dos do P.  
Ugandara, canteira de vidas, o adecallo por Fra-  
güas o colexio cerne da Universidade, abondan-  
tia a gracia de rocegrado locir de un bon eru-  
ditu.

Última "Oros" de inmeyeute autovalidez, a Re-  
vista de Filología, os xornais galegos particular-  
mente en datas solenes de centenarios e festas, a  
graciosa Revista Pontequeira de Filología, a de dia-  
lectología y Tradiciones populares, os Cuadernos  
do Instituto Padre Sarmiento, e outras  
revistas, conténen admirablos traballos do noso  
amigo e compaixiño.... Non haber sido difícil  
toso facer a bibliografía completa e xa farta de  
tidos do novo académico. Como promete moi mais  
escolmamos nha indicación xeneral e soio quisiera-  
mos mencionar a legría e a gravidade, o amor e  
o método con que António Frágas leva e entei-  
ra sens traballos, momentos de un grande inqué-  
rito sobre o fondo e latexante ser da Galiza..  
Miro a Frágas pescudando o folklore da beli-  
da parroquia de Armeres, raiosa terra de bacanis  
beira descendendo asuncamento do val barbantii-  
nian, seguindo os écos e manijestacions do En-  
troido en Coto bade, estudiando os costumes dos  
casamentos e dos fiadeciros..... Frágas ten tra-  
ballos con respeito e amor as enxeantes formas as  
vezes febres écos do cuelo dos mortos nista terra

onde as sombras dos difuntos se non afastan da lareira e conversa dos viventes. Por isoal estuta as festas do Nadoal e as artes antigas e ilustres dos acibicheiros composteláns e os xogos dos rapaces....

Tenho admirade con Fráguas desde que moiitos anos, sendo eu un neno, e eu un home feito. O xeñial Castelao a todos nos aloumeaba coa sua podente e gasalleira verba, exemplo e obra. Ele chegando a Compostela sempre con anovada ilusión, procurando os xóvens estudantes, falaba longamente co neno Fráguas. Ningunha cousa pode ser mais gasalleira cos vellos como o amor, simpatia e confianza dos moros. E eu na miña vida disfruto e tenuo disfrutado longamente de esa regalia. Meu premio, miña gloria, frío de amirade.

Tamen o gosto e práctica dos estudos xeográficos axudaron a manter e fortecer a simpatía entre nos. De nenuno, apenas saido do colo e ampliado familiar tiven a fortuna de ser levado da man por os frolidos carreiros da Xeografía por un mestre de sementeira valencia don Eduardo Moreno López. Co tempo foi recompensa miña e fortalecemento de unha amirade por riba das escuras sebes da morte o subir no Instituto de Ourense, miña pátreia, a mesma cadaira dende a cal Moreno López nos falaba dos neveiros do Alpe, do latexar do peito oceanico, do vivir e do pasamento das vilas e das culturas a mi fato de rapaciuños o comienzo do século. Tenuo a ilusión de si cecais miña dedicación a centra e mais o espírito dos vellos mestres da paisaxe traballan. o no impeitivo do xoven Fráguas axudou a formacion e fortalecemento do perfeito xeografo que hoxe se senta na nosa Academia.

Ser mestre na Xeografía non significa - sábedelo millor lo que a mim - douscar greas de feitos novas e impacientes e ordealos nos tempos de carrei-

ra e hipodromos de cursos, libros e conferencias. Quer dizer ser dono do espírito, da chave, dos tempos e sagredos da paisaxe. E nisto Fráguas é mestre, perfeito con emoros do senso de estudiante. Pois sois quen non tena perdido a sautosa e insatisfita arelauña do estudiante pode ser merecente diante a xuventude do tíodo de mestre.

Fráguas ensergando un rodopio de horizonte, unha estaxe ribeirán, o acodir das ruas o chamamento da praça, dibuxa a temática xeográfica e alenta na vaga neboa de traballos humanos, arelauñas e ecoares do Folclore. Entramas disciplinas e métodos comprenderanse no xóven mestre. No seu manual de Xeografía da Galiza viven cos seus argumentos as rescías naturais, as ganbreiras soedas e as bosaladas ribeirás, as técnicas atlánticas, o retestelo das cidades antigas e o raiolar das novas. Fráguas tivo a Xentilera de estampar meu nome na lumieira e aticación do seu fermoso manual..

Movamente querolle mostrare meu agradecemento diante de iste escoito concurso.

Viaxeiro e mestre Fráguas foi ben novo profesor da Facultade de Filosofía e Letras de Santiago, din fermosas conferencias, dende 1950 é catedrático de Xeografía e Historia no Instituto de Hugo. Nil tiño un nobre devanceiro, o grande xeógrafo e poeta Primitivo R. Sanjurjo, tamén meu vello e fradeño amigo. Pra cui saber non había recanto escuro en ningún grande mestre da Xeografía.....

Suspensademe si falo ceais moito ou demais de mim. Iste acto solene e inrato e tecido de simpatia valise trocando pra mim en festa sautora de amirade. Pra que fora grande e ponta mina e moron comprindo o mandato de recibir a Antonio Fráguas sois gallaba a presura de Castelao.

Fai un intre foi lembrado por Fraígas con sen.<sup>7</sup>  
lliras palabras de grave seroaura nos curarios e na  
lembranza. Elas han de vivir longamente como u-  
na das mais fondas e perfeitas gabauras que se  
tenan feito en lembranza do soio Xénio con que  
deus ten ergueito a xente e terra galega dende a  
morte de Pondal.

Non poden ser ociosas algúnhas prosas verbas  
mínimas aticadas a Castelao. Sous cernes namorados  
do ser inmortalino da Galiza sucedense na mesma  
catedra de ista Academia nata baixo o tríptico e  
xenial signo de Pondal, Curros e Murquía.

A derradeira carta, xa non rematada, esquirta  
por Castelao, nosa Daniel, foi dixida a mim... Na  
metade da follá en brancos enxergo a lus de sol  
na néboa arousan de seus grandes e caridosos o-  
llos cegos e o máis e causo movemento da  
man afita o lápis que fña il deixou a man  
de Igoya, a man de Daniel amiga e xenuxa,  
fraterna fña toda a doce human...

Os ollos e a man de Daniel pescudaron e reprexaron pra  
a inmortalidade feituras por il surprendidas das  
millores comporciós, as más saudosas, da paisaxe ga-  
lega.. Castelao foi o xeógrafo da simpatía das poe-  
mas eisprévias. Ca intuición e amor do artista, do  
agradecido fillo, Castelao atinou xenialmente  
nas síntesis da terra e a laboura humana. Os  
escenarios de rías tremelocentes e pinieiros sono-  
ros ó estilo pondalian, as encostas brosaladas e  
proleciadas nas circexes románicas, nos adrals on-  
de o tempo histórico deixa o paso á sombra  
do eterno, nos paros madureciados nos outo-  
nos barrocos, dibuxados por Castelao gardan

a verdade xeográfica envolvente en poesía, en doce e  
esperanza humana... Hai un catálogo de Castelao no  
Museo de Pontevedra "devalar" que pecha, millor  
do que as páxinas de mi grande mestre da Xeo-  
grafia, esa vivencia do tempo marino, cósmica  
memoria, latente na alma das xentes e das cul-  
turas agaralladas por o "vento marino".<sup>8</sup>

Chega o novo compañeiro con, pulos e técnicas de  
traballo. Non ha ser un académico de folgo e olla-  
mento. Abentan vagamente no clima e ambiente  
de istos anos as figuras de uns cantos libres que  
a leda e grave naturaleza da cultura galega re-  
craman... Moitas veces temos falado Antonio Fra-  
guas e mais eu de mi diccionario xeográfico  
da Galiza.. Cecais o xoven mestre hoxe aplau-  
zado na Academia, tenha labourado boa parte  
da longa e feiticeira urdimbre das parroquias  
e as vilas, os campos da feira, e as raias, o re-  
cender como écos santomos na rodeda dos no-  
mes esquecidos e o baile e cantarciso agro-  
mar dos novos..

Precisase de saber moi fondo e rotil, mo tamén  
de amor e gostoso apuntamento na paisaxe pra  
empresa remellante... Non hai recanto nin rebé,  
eido apenas esmaltado na gantreira encosta que  
en terra de tal éxito amolecida por a orballieira  
da doce e a esperanza humana, non garde nulle respos-  
ta pra quién saiba perguntar... E Fraguas, pole-  
torista e xeógrafo, historiador e recibido na Fa-  
cultade dos bos viaxeiros é dos sabidores en des-  
pechar os sagrados do fondo e ricar, devaladouros  
e misteriosos ser da Galiza...

9

Moitos amigos de Fráquias - de eles todos os que tiveron  
de lousce ou de cerco o príxilexio e regalia de seren reus  
discípulos - están connosco, en espírito, neste acto sim-  
bólico, envolvidos na solennidade do verdadeiro, pre-  
mio e ó tempo abriga pra quens como o novo a-  
cadémico alentan xa no exemplo dos grandes e  
inmorrentes quieiros da ~~Universidade~~ nora <sup>Universidade</sup> de Santiago.

Con admirade e lembranza, un dos mais antigos a-  
cadémicos sintese moro e case estudante o darr a  
noraboa o novo académico pois co il e co seu  
belido discurso moitas canles xordas sónan a  
primaveirais arrojadas e nos peitos cheos do  
anceis de novos traballos e alboradas érguese o gra-  
ve e xogoraf a estrofa pondalian:

Por o baixo cantando  
o zonzo, vai

...  
E co isto a inmortalina es praua.



## Índice

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS	7
RESPOSTA DO EXCELENTE SEÑOR DON RAMÓN OTERO PEDRAYO	27



**Real Academia Galega**

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

[secretaria@academia.gal](mailto:secretaria@academia.gal)

[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

